



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (28/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e corenta e nove minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil vinte e catro, reúnen-se, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, os Sres. Concelleiros: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas. Non falta ninguén. Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 17 de xullo de 2024
2. Aprobación relación de facturas núm. 043XRRSE/2024
3. Aprobación relación de facturas núm. 044XRRSU/2024
4. Denegación aprobación factura
5. Aprobación de certificacións de obra
6. Xustificación de subvencións nominativas
7. Solicitud prórroga execución contrato de obras

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE XULLO DE 2024

O Sr. Alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 17 de xullo de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 043XRRSE/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación do expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 043XRRSE/2024, así como o informe de Intervención, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal deles derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos que constan no devandito expediente e que se integran na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	043XRRSE/2024
Importe total	7.572,37€
Número de facturas e gastos que contén	3
Número do Rexistro de Facturas da primeira factura	F/2024/1445
Número do Rexistro de Facturas da última factura	F/2024/1460

TERCEIRO.- Imputar os gastos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que nela se indican.

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 044XRRSU/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación do expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 044XRRSU/2024, así como o informe de Intervención, e considerando que consta acreditado que a subministración á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	044XRRSU/2024
Importe total	2.539,02€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2024/1300

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. DENEGACIÓN APROBACIÓN FACTURA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura á que se refire este expediente, sobre o informe do responsable do contrato e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, presentou a factura que se atopa pendente de aprobación con número de rexistro de entrada F/2024/1278.

O Técnico Deportivo do Concello de Monfero, responsable municipal do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, informou que tras a revisión da dita factura detecta que durante o período ao que se refire, o contrato NON SE EXECUTOU de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladores desta contratación, polo que informa desfavorablemente a súa aprobación debido a que detecta os seguintes incumprimentos a data 30/06/2024:

- Non se limparon os teitos das casetas da piscina
- Non se limparon os cristais interiores e exteriores das casetas da piscina
- Non se fixo o barrido e fregado con máquina a presión do aparcadoiro centro

saúde

- Non se limparon as cortinas verticais que protexen as paredes da pista do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

polideportivo.

- Non se achegaron as fichas técnicas dos produtos de limpeza utilizados nas diferentes instalacións.

Tendo en conta o exposto e en harmonía co informado polo técnico responsable do contrato, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Denegar a aprobación da factura da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudicataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, con núm. de rexistro de entrada F/2024/1278, núm. de factura C2024 394, de data 30/06/2024, por importe de 2.136,18 €, en concepto dos servizos de limpeza correspondentes ao mes de xuño de 2024, e a solicitude de pagamento que supón.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obras, actas, informes, resto de documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DA OBRA FINANCIADA POLO PLAN POS+ ADICIONAL 2B/2022

EXPEDIENTE: 2022/C003/000005

Logo de ver as certificacións presentadas pola empresa adxudicataria, LANCER proyectos y obras, S.A., correspondente ao proxecto nomeado, PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN LAGARES, PARROQUIA DE SAN FIZ, financiado polo Plan POS+ Adicional 2b/2022, informe de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación primeira e última, da obra nomeada “Pavimentación de camiños en Lagares, parroquia de San Fiz”, presentada polo contratista, Lancer proyectos y obras, S.A., expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 198.200,23 (Ive incluído ao 21%) e a súa documentación anexa (relación valorada, reportaxe fotográfico, fotos cartel, declaración, acta de recepción e factura).
2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.
3. Aboarlla ao contratista, Lancer proyectos y obras, S.A., e remitilas á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

6.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada polo interesado que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como as dilixencias de comprobación e informes de intervención que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓ N CONCEDIDA
VAL XESTOSO SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA	Francisco Martínez Bouza	XXIII FEIRA DE GRELO	7.200,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

Expediente: 2024/A007/000001

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto, as bases de execución do mencionado orzamento e o informe de Intervención de conformidade, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a xustificación presentada pola Comisión de Festas de Vilachá.
2. Proceder ao pagamento da seguinte subvención:

ENTIDADE	SOLICITANTE (iniciais nome e apelidos)	OBXECTO	SUBVENCIÓN
Comisión festas Vilachá	JE V L	Festas Santa Lucía	1.600,00€

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada polo interesado que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como as dilixencias de comprobación e informes de intervención que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN
----------	-------------	---------	------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

	(iniciais)		CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILACHÁ	AM L E	Reparación e mantemento local social	3.000,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7. SOLICITUDE PRÓRROGA EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre o informe do arquitecto contratado para o efecto e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

2ª PRÓRROGA EXECUCIÓN OBRAS POS+2023

Logo de ver o escrito presentado por D. DIEGO NIETO BARREIRO, en representación da empresa CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L., solicitando ampliación do prazo de execución para a obra contida no proxecto nomeado, MELLORA DE CAMIÑOS DAS PARROQUIAS DE SAN FIZ E ALTO XESTOSO, no que sinala a imposibilidade de cumprir os prazos previstos para a execución da obra debido, segundo indica: que se ha producido una problemática en un camino que ha imposibilitado la ejecución de los trabajos.

Logo de ver o informe emitido polo Técnico e Director das obras, contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, que di:

- 1.- Que a empresa adxudicataria das obras de referencia é CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS, S.L. incluídas no proxecto arriba indicado.
- 2.- En relación coa obra arriba indicada, adxudicada a CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. asinouse a acta de reformulo con data 27 de novembro de 2023, dando comezo aos traballos para partir do día seguinte laborable, sendo a data de finalización o 28 de marzo de 2024.

Executáronse completamente dous dos tres camiños que se inclúen no proxecto, no terceiro produciuse unha problemática que imposibilitou a finalización dos mesmos e que precisa dunha ampliación de tempos para a súa resolución.

Dado que o incumprimento dos prazos non é imputable á empresa, estímase xustificada e necesaria a concesión dunha prórroga ata o 2 de outubro de 2024, a efectos de unificar datas e facilitar o seu control e execución.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

1. Conceder á empresa Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., unha prórroga ata 2 de outubro de 2024, para a execución da obra contida no proxecto nomeado, MELLORA DE CAMIÑOS DAS PARROQUIAS DE SAN FIZ E ALTO XESTOSO, contados a partir da data de notificación do presente acordo.
2. Notificar este acordo á empresa adxudicataria e o Director das obras para efectos que procedan.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás trece horas e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo.

O Alcalde

O Secretario